

DON CESAR LÓPEZ ARRIBAS, Secretario Xeral do Concello de **Lalín (Pontevedra)**.

CERTIFICO: Que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 7 de decembro de 2020 coa salvedade do previsto no artigo 206 do R.O.F. dos termos de aprobación definitiva da acta adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

7.- EXPEDIENTE 3937/2019. SUBVENCIONS SOLICITADAS A OUTRA ADMINISTRACIÓN. RECURSO REPOSICIÓN PROCESO SELECTIVO.

Vista a proposta da **Sra. Concelleira Delegada de Política Social**, na que expón que á vista das bases de selección aprobadas pola Xunta de Goberno de data 09/11/2020 do proceso de selección, por concurso oposición, de un/unha traballadora social, un/unha técnico de integración social e un/unha mestre de educación primaria, para levar a cabo o programa de inclusión social da poboación inmigrante, publicadas no BOP núm. 227 de 24 de novembro.

Visto o recurso potestativo de reposición presentado pola representación do Colexio de Traballo Social de Galicia con CIF Q1569016G, en concreto en relación coas valoracións da base Oitava “Contido e desenvolvemento do proceso selectivo”, por non respectar as limitacións legais impostas de que a valoración da fase de concurso non supere o 40% da puntuación.

Á vista do informe emitido polo Xefe de Servizo de Persoal e Emprego de data 26/11/2020, e dada conta que efectivamente hai un erro de transcripción nas valoracións da fase de oposición, indicadas na base oitava das referidas, é polo que **a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:**

Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso potestativo de reposición presentado polo Colexio de Traballo Social de Galicia, con CIF. Q1569016G, no sentido de que procede á modificación das Bases de selección aprobadas pola Xunta de Goberno de data 09/11/2020 correspondentes ao proceso de selección, por concurso oposición, dun/unha traballadora social, un/unha técnico de



Secretaría Xeral

integración social e un/unha mestre de educación primaria, para levar a cabo o programa de inclusión social da poboación inmigrante, publicadas no BOP núm. 227 de 24 de novembro, en concreto na Base Oitava, no que respecta ás valoracións da fase de oposición, debido a un erro de transcripción nas puntuacións, tal e como se reflexa no informe emitido ao efecto polo Xefe de Servizo de Persoal e Emprego; a súa vez, non procede a declaración da nulidade da base oitava como solicita o recorrente, posto que unha vez feita dita corrección, non se vulneraría o establecido no artigo 56.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, senón que se trata, como se indica, dun erro de transcripción.

Segundo.- Modificar as bases de selección, en concreto a Base 8ª, “Contido e desenvolvemento do proceso selectivo” en canto á valoración da fase de oposición, de xeito que:

ONDE DI:

“OITAVA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo.

A selección de candidatos/as realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

a) Fase de oposición (máximo 10 puntos).

1. A fase de oposición constará de dous (2) exercicios: unha proba práctica e a proba de Galego:

b) EXERCIZO Nº 1. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións do posto a desempeñar e baseado no temario da convocatoria contido nos ANEXOS III, IV e V das presentes bases. O tempo máximo para a realización desta proba será de trinta (30) minutos.

*A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (15) puntos. As persoas aspirantes que non acaden unha puntuación de sete (7) puntos terán a consideración de non aptas e quedarán excluídas do resto do proceso selectivo.
(...)”*

DEBE DICIR:

“OITAVA. Contido e desenvolvemento do proceso selectivo.

A selección de candidatos/as realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

a) Fase de oposición (máximo 15 puntos).

1. A fase de oposición constará de dous (2) exercicios: unha proba práctica e a proba de Galego:

b) EXERCIZO Nº 1. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións do posto a desempeñar e baseado no temario da convocatoria contido no ANEXO I, das presentes bases. O tempo máximo para a realización desta proba será de trinta (30) minutos.



Cod. Validación: 75PYAXMXXAJC7Q7MAYHNF5EH | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

Secretaría Xeral

*A proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a quince (15) puntos. As persoas aspirantes que non acaden unha puntuación de sete (7) puntos terán a consideración de non aptas e quedarán excluídas do resto do proceso selectivo.
(...)”*

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao recorrente e proceder á publicación do mesmo, no BOPPO e na páxina web deste Concello, aos efectos da súa publicidade.

E para que conste e unir ó expediente da súa razón, expido a presente en Lalín de orde e co visto e praxe da Sra. 1ª Tenente de Alcalde.

O Secretario Xeral.
César López Arribas.

Visto e praxe, por Delegación da Alcaldía da 1ª
Tenente de Alcalde. María Paz Pérez Asorey.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

L

A

M

O



Cod. Validación: 75PYAXMXXAJC7Q7MAYHNF5EH | Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3